

**CORRE, CORRE CABACIÑA.**

**Autora:** Eva Mejuto

Biblioteca CEIP Petelos1B098



**OS BOLECHAS TEÑEN MEDO**

**Autor:** Pepe Carreiro

Biblioteca CEIP Petelos1C076

**FIZ, O COLECCIONISTA DE MEDOS**

**Autora:** Fina Casalderrey

Biblioteca Municipal de Mos 833/CAS/FIZ



**FANTASMAS NO CORREDOR**

**Autor:** Agustín Fernández Paz



Biblioteca Municipal de Mos 833/FER/FAN



**AS BRUXAS**

**Autor:** Roald Dahl

Biblioteca CEIP Petelos11E58



**OS BARBANZÓNS: A NOITE DE SAMAÍN**

**Autor:** Pepe Carreiro

Biblioteca Municipal de Mos 87/CAR/BAR.NOI

**O CONTO DOS SETE MEDOS**

**Autor:** Antón Cortizas

Biblioteca CEIP Petelos 11A007



## CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 32




# AS FESTAS DO OUTONO EN GALICIA



FESTAS DE ORIXE PAGANA QUE FORON "CRISTIANIZADAS"

Hai varias teorías sobre a orixe do termo Magosto: Magnus Ustus (gran lume) ou Magum Ustum (resaltando o carácter máxico do lume).



A castaña e o día de defuntos aparecen asociados nesta festa. A chegada do inverno é a morte da luz, a fin dun ciclo que se repite cada ano. Segundo algunhas crezas antigas, nós eramos un símbolo da alma dos defuntos e cada castaña que comemos é un alma que se libera do purgatorio.

O magosto é unha festa ligada ao culto á fecundidade, de aí a súa relación co lume ligada ao Sol como vivificador e fecundador da Terra.

*Son orixinaria de Asia Menor. Os gregos e os romanos trouxéronme a Galicia. Vivo e lugares frescos de solos lixeiros e profundos.*

Actualmente nas linguas gaélicas «*Samhain*» é a palabra para «novembro» e pode significar «fin do verán».



Os pobos celtas de Europa, só distinguían dúas estacións no ano: "a metade clara e a metade escura". Esta última, marcaba o comezo dun novo ano. **O Samain era a súa festa de "Ano Novo"**, representaba o final do tempo da colleita e o principio do duro inverno.

**Así o primeiro de Samain pasou a ser o día de Todos os Santos.**

Os celtas crían que esa noite se abría unha "porta"; a dimensión do mundo dos vivos quedaba en comunicación coa dimensión dos mortos, e que a véspera de Samain as almas dos mortos regresaban a visitar fogares terreaux.

Os cristiáns consideraban que os celtas adoraban ao diaño, inda que este nunca existiu na relixión céltica. Samain era o seu deus da morte e dos malos espíritos e celebrábase o día 1 de novembro (o comezo do inverno para eles).